

LA VOLUNTARIA

Nely Reguera, 2022

944

ESTREA EN NUMAX: 10.06.2022 | V.E. | TP | 99 min

Marisa, unha doutora recentemente xubilada, decide viaxar como voluntaria a un campo de refuxiados grego onde, ao seu parecer, precisan xente exactamente coma ela. Ao chegar alí, evidénciase que non ten nada que ver cos demais. Cando coñece o pequeno Ahmed, os límites entre a necesidade de coidar e de sentirse útil vanse desdubuxando.

«Carmen Machi abraia pola súa autenticidade»

Beatriz Martínez, EL PERIÓDICO



Notas da directora

La voluntaria aborda a complexidade do acto e o desexo de amar e coidar. Coidarnos uns aos outros é un labor que nos une, axúdanos a medrar, humanízanos. Porén, que nos empurra a facelo? O benestar do outro ou tamén a nosa propia insatisfacción? É posible combater a inxustiza do sistema só con boas intencións e sen renunciar á nosa comodidade? Estamos dispostos a asumir renuncias e sacrificios na nosa sociedade occidental e consumista?

A preparación e a rodaxe de *La voluntaria* foi un proceso moi difícil e intenso, pero tamén moi especial. A historia transcorre nun campo de refuxiados e decidimos rodar nun deles en Grecia. Parecíanos fundamental retratar a súa realidade coa maior precisión posible, pero sendo moi coidadosos en non dificultar aínda máis o seu día a día. Gran parte do reparto e figuración do filme son persoas refuxiadas ás que non poden estar máis agradecida pola xenerosidade e o entusiasmo co que compartiron comigo as súas vivencias e a súa entrega na rodaxe.

Especialmente Hammam, o neno protagonista xunto con Carmen Machi. A ledicia e entrega de ambos foi fundamental. Por outro lado, Atenas converteuse nunha segunda casa e o equipo español e grego, unha familia divertida, caótica e entusiasta coa que foi un pracer compartir a viaxe.

Publicado en bteampictures.es

Entrevista con Carmen Machi

«O pequeno Hammam é o mellor profesional que coñecín nunca»

Que conexión podes ter con Marisa, o teu personaxe? Conexión non sei, pero gústame moi ela. Cáeme moi ben Marisa. Se houbera seres humanos coma ela, igual as cousas mudarían, pero unha persoa soa non pode cambiar o mundo... Coido que é un personaxe moi coherente, aínda que se trabuque tanto, porque creo que se trabuca. Pero é coherente, é unha muller que foi doutora e dedicou a súa vida a un oficio vocacional, como debe ser a medicina. A coidar dos demais, curalos e protexelos, sobre todo aos máis vulnerables. E de súpeto, chega un momento da súa vida, a xubilación, no que sente que xa non precisa de ninguén, os seus fillos xa son maiores, o seu can foise... Todo o que a ataba a un lugar, a unha casa, esmoreceu. E que pode facer? Tirar dela mesma, seguir exercendo o que facía e sentirse útil axudando como cre que pode facer.

A partir de aí atópase cunha situación inesperada e é que hai que cumprir unhas normas. Eu imaxino que é unha muller reivindicativa e hai un momento no que se ve que protestou e se manifestou pola sanidade pública. As súas intencións son maravilosas pero a maneira de actuar non vai ser sempre a correcta. Agora ben, eu cando vin o filme entendina e apoieina. Creo que o 90% dos humanos sentimos que ten razón. Pero non se poden facer así as cousas, cando actúas como individuo non funciona, hai que traballar xuntos.

Como foi rodar nun campo de refuxiados e coñecer ao pequeno Hammam?

Hammam Aldarweesh, que é o actor que fai de Ahmed, é un neno refuxiado. Neste momento a súa situación está ben, porque seu pai xa ten papeis. A súa vida transcorre entre tendas e contedores pero realmente ten unha familia, ten irmáns. O caso do personaxe do filme é moito máis duro. É un neno espectacular, o mellor profesional que coñecín na miña vida. Controlaba o raccord, a luz, a cámara... non o podía crer. A relación foi moi boa, estaba a barreira idiomática que nos impedía ter unha relación máis estreita pero foi moi fermoso.

Publicado en flixole.com